

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2017



fundación
GALICIA EUROPA

MEMORIA DE
ACTIVIDADES
2017




ÍNDICE

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2017	3
2017 En cifras	6
Orzamento da FGE	6
Fundación Galicia Europa: achegando Europa e Galicia	8
Padroado	10
1. Defensa dos intereses galegos en Europa	12
Galicia debate sobre o futuro da PAC, a inmigración e a nova política europea de cooperación ao desenvolvemento no Comité Europeo das Rexións	14
Visita dunha delegación do Comité Europeo de Rexións a Galicia	16
Primeiro debate sobre o Estado da Unión no CdR	17
Reunións de alto nivel entre Galicia e Bruxelas	18
Participación no debate sobre a Política Rexional a partir de 2020	21
Defensa dos intereses pesqueiros de Galicia na UE	24
Análise das posibles repercusións do Brexit en Galicia	25
· Posicionamento da delegación española no CdR ante o Brexit	26
· Creación dun Grupo Operativo específico na Comisión do Arco Atlántico	26
Galicia na Rede Transeuropea de Transporte	28
Participación da FGE en redes de cooperación rexional	30
· DCRN	30
· Colaboración entre as Oficinas Rexionais Españolas (CORE)	31
· Grupo Interrexional do Automóvil do Comité Europeo das Rexións	31
· Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM)	31
Promoción de Galicia en Bruxelas	32
2. Fomento da participación en proxectos europeos	34
TeCEuropa	36
Participación da FGE en proxectos europeos	38
Apoio aos actores galegos de I+d+i: presenza de GAIN en Bruxelas	40
Apoio ás universidades: presenza de FEUGA en Bruxelas	41
3. Información sobre a Unión Europea en Galicia	42
www.fundaciongaliciaeuropa.eu	44
Revista ECO	45
Nova sección na web sobre o Brexit	45
4. Formación e sensibilización sobre a realidade europea	46
Debates sobre o Futuro de Europa en Galicia	48
Orientación laboral a mozos no ámbito comunitario	49
Bolsas para a realización de prácticas en asuntos europeos	50
Visitas de grupo en Bruxelas	50
Índice de siglas	52




2017 EN CIFRAS



Orzamento da FGE

(766.691 €)





FUNDACIÓN GALICIA EUROPA: ACHEGANDO EUROPA E GALICIA

A Fundación Galicia Europa (FGE)

nace en 1988 coa misión de manter unha oficina galega en Bruxelas e promover o achegamento entre Galicia e Europa. Vinculada á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, conta con dúas oficinas, unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas. Desde 2010 forma parte do sector público autonómico de Galicia como ente instrumental e, en 2015, o Decreto de Acción Exterior da Comunidade Autónoma de Galicia recoñece o seu mandato “para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado”

O labor da FGE xira ao redor de dous grandes obxectivos: unha mellor comunicación da actividade comunitaria en Galicia e a defensa das posicións galegas no contexto europeo. Para conseguilo, traballa en catro grandes ámbitos:

- **Defensa dos intereses de Galicia ante a UE.** A FGE realiza un seguimento das políticas comunitarias, presta apoio e asesora aos representantes galegos nas institucións e órganos comunitarios, organiza visitas de responsables políticos e técnicos a Bruxelas, fomenta a participación galega nos foros de debate que teñen lugar na capital comunitaria e colabora con outras rexións no marco de diferentes redes de cooperación para defender intereses comúns.
- **Promoción da participación galega en proxectos europeos.** A FGE brinda información e presta asesoramento para que cada vez sexan máis as entidades galegas as que participan en proxectos europeos, chegando a involucrarse como socio en proxectos que lle resulten de interese.
- **Información sobre a Unión Europea en Galicia.** A evolución das políticas europeas, as posibilidades de financiamento comunitario e as oportunidades de emprego e prácticas nas institucións son os tres principais eixos de información europea facilitada pola FGE. Faino a través do seu portal web, que ofrece a posibilidade de subscripción a un boletín de alertas, e das redes sociais.
- **Formación e sensibilización sobre Europa en Galicia.** Nos seus case 30 anos de existencia, máis de 400 persoas tiveron a oportunidade de coñecer de preto a UE a través das súas bolsas de formación. Ademais, a FGE organiza en Galicia todo tipo de actos para explicar a Unión Europea aos galegos.



PADROADO



PRESIDENTE: **Alberto Núñez Feijóo**

Presidente da Xunta de Galicia

VICEPRESIDENTE: **Alfonso Rueda Valenzuela**

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

SECRETARIA: **Marta Viñas Hyllass-Bernoud**

Asesora xurídica da Vicepresidencia da Xunta de Galicia

DIRECTOR: **Jesús M^a Gamallo Aller**

Director xeral de Relacións Exteriores e coa e coa UE da Xunta de Galicia

VOGAIS: **Valeriano Martínez García**

Conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia

Francisco José Conde López

Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira de Medio Rural da Xunta de Galicia

Rosa María Quintana Carballo

Conselleira do Mar da Xunta de Galicia

Teresa Pedrosa Silva

Delegada do Estado no Consorcio Zona Franca de Vigo

Santiago Novoa García

Director de Banca Institucional de ABANCA

Valentín González Formoso

Presidente da Deputación da Coruña

Álvaro Santos Ramos

Deputado da Deputación de Lugo

Patricia Argerey Vilar

Directora da Axencia Galega de Innovación



1.A GALICIA DEBATE SOBRE O FUTURO DA PAC, A INMIGRACIÓN E A NOVA POLÍTICA EUROPEA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO NO COMITÉ EUROPEO DAS REXIÓNS

1.B REUNIÓNS DE ALTO NIVEL ENTRE GALICIA E BRUXELAS

1.C PARTICIPACIÓN NO DEBATE SOBRE A POLÍTICA REXIONAL A PARTIR DE 2020

1.D DEFENSA DOS INTERESES PESQUEIROS DE GALICIA NA UE

1.E ANÁLISE DAS POSIBLES REPERCUSIÓNS DO BREXIT EN GALICIA

1.F POSICIONAMENTO DA DELEGACIÓN ESPAÑOLA NO CDR ANTE O BREXIT

1.G PROMOCIÓN DE GALICIA EN BRUXELAS

DEFENSA DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA

1





O presidente do Consello europeo, Donald Tusk, no Comité Europeo das Rexións.

1. Defensa dos intereses galegos en Europa

Galicia debate sobre o futuro da PAC, a inmigración e a nova política europea de cooperación ao desenvolvemento no Comité Europeo das Rexións

Durante o 2017, o Comité Europeo das Rexións (CdR) deu luz verde a 60 ditames, algúns deles de gran relevancia galega, como os referidos á Política Agrícola Común despois de 2020 ou o futuro do Mecanismo Conectar Europa. Ademais, aprobáronse 12 resolucións que expresan a posición dos entes locais e rexionais ante temas de actualidade comunitaria como a decisión do Reino Unido de abandonar a UE ou o debate sobre o Estado de Dereito na UE.

Nas seis sesións plenarias celebradas, os representantes rexionais e locais debateron persoalmente cos máis altos cargos das institucións europeas como o presidente do Consello Europeo, Donald Tusk, o presidente do Parlamento Europeo, Antonio Tajani, ou o vicepresidente da Comisión Europea para o Fomento do Emprego, Crecemento,

Investimento e Competitividade, Jyrki Katainen.

A FGE prestou apoio ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo, en máis de 20 reunións desta asemblea consultiva comunitaria.

Ademais das reunións ordinarias das dúas comisións de traballo nas que participa -a de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) e a de Recursos Naturais (NAT)-. O tamén director da FGE participou nunha reunión extraordinaria da Mesa do CdR en Malta para debater sobre a política migratoria da Unión Europea, e nunha visita de estudo na fronteira húngaro-serbia, que versou sobre as fronteiras exteriores da UE nun contexto marcado polo restablecemento de controis



Jesús Gamallo presenta o ditame: “Un novo Consenso Europeo sobre Desenvolvemento” no pleno do CdR de febreiro.

nalgúns países europeos ante a crise de refuxiados.

En CIVEX, Jesús Gamallo foi designado para redactar un ditame sobre a proposta da Comisión Europea dun novo Consenso Europeo sobre Desenvolvemento, un documento estratéxico que guía as políticas de cooperación ao desenvolvemento dos Estados membros e que agora se adapta á Axenda 2030 para un Desenvolvemento Sostible e á Estratexia Global de Política Exterior e de Seguridade posta en marcha pola UE en 2016.

Tras un primeiro debate cos membros de CIVEX e un representante da Comisión Europea, o ditame recibiu 20 emendas no pleno de febreiro e foi finalmente aprobado por unanimidade.

O texto reflicte a opinión dos gobernos rexionais e locais da UE en tanto que actores determinantes na cooperación ao desenvolvemento, destacando que a nova axenda require dun enfoque multinivel e multi-actor, tanto dos axentes institucionais como da sociedade civil. O ditame insta a que se recoñeza que ningún dos obxectivos da Axenda 2030 se pode lograr plenamente se os poderes rexionais e locais non se implican no

esfuerzo transformador. Doutra banda, chama a atención sobre os novos tipos de cooperación máis aló do tradicional Norte-Sur, como son a triangular, a Sur-Sur ou a cooperación descentralizada. Estes novos instrumentos de acción transcenden á axuda oficial ao desenvolvemento, son máis innovadores e creativos, e teñen, ademais, en conta criterios como a boa gobernanza ou a loita contra o cambio climático para a execución da axuda.

Galicia liderou a resposta das rexións e municipios europeos á nova axenda europea en materia de cooperación ao desenvolvemento

Na súa calidade de relator do ditame, Gamallo participou en xuño como representante do CdR nas Xornadas Europeas do Desenvolvemento, acto no que os máximos representantes do Parlamento, a Comisión e o Consello asinaron o novo Consenso Europeo sobre



Firma do Consenso Europeo sobre Desenvolvemento por parte dos máximos representantes da Unión Europea.

Desenvolvemento, que estará vixente ata 2030. O texto final deste novo marco para a cooperación ao desenvolvemento recolle achegas do ditame de Jesús Gamallo, no sentido de implicar ás autoridades locais e rexionais no cumprimento dos obxectivos da política de desenvolvemento definidos por Nacións Unidas. A importancia do consenso radica no papel crucial da UE no ámbito da cooperación para o desenvolvemento dado que segue sendo o maior doante de axuda para o desenvolvemento, fornecendo máis da metade da axuda mundial.

Por outra banda, durante 2017 a comisión CIVEX fixo un especial seguimento das consecuencias da crise de refuxiados no Leste de Europa, así como dos procesos electorais de terceiros países incluídos nas políticas de ampliación e veciñanza. No segundo semestre, celebráronse, ademais, diferentes debates sobre o futuro de Europa como paso previo á redacción dun ditame sobre este tema que están a preparar o presidente e primeiro vicepresidente do CdR. O obxectivo é someter este ditame a aprobación ao longo de 2018, contando con achegas varias tanto dos membros do CdR como dos cidadáns que participaron en debates cidadáns e enquisas realizadas para ese efecto.

Visita dunha delegación do Comité Europeo de Rexións a Galicia

No marco do debate sobre a Política Agrícola Común (PAC) despois de 2020, unha delegación da comisión NAT realizou unha visita de estudo a Galicia en xuño baixo o título “A produción leiteira desde unha perspectiva rexional: o caso de Galicia”. Once representantes locais e rexionais de países tan diversos como Irlanda, Polonia ou Estonia visitaron unha explotación gandeira e unha fábrica de queixos, o que lles permitiu coñecer de primeira man as especificidades do sector lácteo en Galicia.

A fixación da poboación no rural é unha das principais demandas de Galicia no deseño da futura PAC



A conselleira de Medio Rural cos integrantes da visita NAT a Galicia no mes de xuño.

Durante a visita estiveron acompañados pola Conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, quen quixo mostrar o interese estratéxico que, para Galicia, ten a produción e transformación do leite e, por tanto, a importancia dun bo deseño da PAC que garanta unhas rendas dignas para os gandeiros e fomenta a incorporación de mozos ao campo. Esta visita serviu para mostrar a outras rexións europeas a experiencia que Galicia ten no sector, complementando o resto de actividades de NAT en relación coa agricultura e o desenvolvemento rural.

Concretamente, en 2017 o CdR celebrou dúas conferencias específicas sobre o futuro da PAC e sobre a Política de Desenvolvemento Rural Europea, ademais dunha reunión conxunta coa comisión de Agricultura do Parlamento Europeo. Jesús Gamallo interveu na primeira delas para defender as grandes liñas de traballo da Xunta en relación coa futura PAC: a fixación da poboación no rural, a defensa de Galicia como rexión europea produtora de alimentos de calidade e a equiparación das rendas rurais e urbanas.

En xullo, o CdR aprobou un ditame coas súas recomendacións para a reforma da PAC, que contou con achegas galegas. Nel insítese nos retos que teñen ante si a agricultura e os

territorios rurais, como a redución dun 20 % do número de explotacións entre 2007 e 2013, as importantes desigualdades na distribución dos pagos directos ou a acentuación das diferenzas de desenvolvemento entre zonas rurais e urbanas.

Primeiro debate sobre o Estado da Unión no CdR

Na sesión plenaria do mes de outubro tivo lugar por primeira vez un debate do Estado da Unión desde o punto de vista local e rexional, coa intervención do presidente do Consello Europeo Donald Tusk.

O presidente do Consello Europeo, Donald Tusk, fixo un chamamento a que Cataluña respecte a orde constitucional nun debate específico no CdR



O presidente da Xunta de Galicia co comisario de Enerxía e Acción polo Clima durante a súa visita a Bruxelas.

Debido á crise en España creada pola situación en Cataluña, incluíuse un punto na orde do día destinado a esta cuestión. Iniciou o debate o presidente Tusk, subliñando a necesidade da protección das canles institucionais e a orde constitucional vixente nos Estados membros. O peso do debate recaeu nos representantes políticos españois, entre os que destacou a participación do director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo. Na súa intervención solicitou ao goberno catalán que evitase adoptar medidas unilaterais cuxo efecto é socavar as pontes de diálogo con España e a Unión Europea, á vez que quixo recoñecer o papel dos alcaldes cataláns que cumpren as disposicións legais vixentes nos momentos de crises.

Reunións de alto nivel entre Galicia e Bruxelas

Seis membros do goberno galego visitaron Bruxelas en 2017 para, no exercicio das súas funcións, manter encontros con diversos representantes das institucións comunitarias. Nestas visitas, a FGE prestou todo o apoio necesario, identificando os interlocutores

máis adecuados nas institucións europeas, deseñando as axendas e prestando asesoramento loxístico e técnico para que estes desprazamentos resultasen o máis frutíferos posible.

En abril, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, e a conselleira do Mar, Rosa Quintana Carballo, realizaron unha visita institucional conxunta a Bruxelas. A axenda incluíu unha reunión na sede da Comisión Europea co comisario de Enerxía e Clima, Miguel Arias Cañete, na que o presidente anunciou que o Goberno autonómico desenvolvería en Ourense o primeiro “ecobarrio” como un proxecto piloto para facer máis sustentables e eficientes desde o punto de vista enerxético aos municipios galegos.

Núñez Feijóo reuniuse tamén co comisario de Investigación, Ciencia e Innovación, Carlos Moedas, quen destacou a boa dirección tomada pola estratexia galega de innovación para unha especialización intelixente (RIS3), así como a estratexia de innovación transfronteiriza co Norte de Portugal, a primeira destas características na UE. O presidente aproveitou a ocasión para convidar ao comisario a coñecer en primeira persoa os esforzos que se están facendo neste ámbito nunha visita a Galicia.

Núñez Feijóo avogou por converter o Brexit nunha oportunidade para o sector pesqueiro

Por último, xunto coa conselleira do Mar, o presidente abordou co director xeral de Asuntos Marítimos e Pesqueiros da Comisión Europea, João Aguiar Machado, os retos do futuro da pesca galega e avogou por converter o Brexit nunha oportunidade para o sector, facéndolle entrega do informe “A retirada do Reino Unido da Unión Europea e as súas posibles consecuencias para o sector pesqueiro galego”; un documento que a Xunta elaborou para avaliar o impacto do novo escenario no sector. Ambos mandatarios visitaron tamén a feira Seafood Expo Global de Bruxelas, o



O padroado da FGE reuniuse en Bruxelas no mes de xuño para participar no debate sobre o futuro de Europa.

maior evento sectorial de Europa no ámbito de comercio dos produtos do mar, onde realizou un percorrido polos expositores das máis de 60 empresas galegas dedicadas ás actividades de procesamento e transformación de produtos pesqueiros.

En xuño, o padroado da FGE reuniuse de forma excepcional en Bruxelas, sendo presidido polo vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda. A reunión tivo lugar a finais de xuño, nun momento de gran debate na capital comunitaria como consecuencia dos cinco escenarios sobre o futuro de Europa propostos pola Comisión Europea meses antes, ademais do anuncio de saída do Reino Unido da UE. Para abordar estes temas, os membros do padroado, entre os que se atopaba a delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, Teresa Pedrosa, reuníronse cos eurodeputados galegos Francisco Millán Mon e José Blanco, ademais de co Embaixador Permanente de España ante a UE, Pablo García- Berdoy. Como resultado destas reunións, a FGE comprometeuse a realizar un seguimento máis estreito do Brexit e do seu posible impacto en Galicia.

Pola súa banda, a conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, realizou unha visita institucional a Bruxelas en setembro para reunirse coa directora xeral adxunta da Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea, María Ángeles Benítez Salas, á que explicou a situación específica dos gandeiros de razas autóctonas en relación cos pagos directos da PAC. A conselleira interesouse tamén polo estado da solicitude de tres indicacións xeográficas galegas: o Capón de Vilalba (que a obtería poucos días despois), a Vaca e Boi de Galicia e o Pan Galego.

Ángeles Vázquez
informou á Comisión
Europea dos resultados
do Polo de Innovación
posto en marcha no sector
alimentario galego



A conselleira do Medio Rural na súa reunión coa directora xeral de DG AGRI.

O encontro serviu tamén para expoñer como Galicia está a avanzar no desenvolvemento de innovación dixital para o sector agroalimentario a través do Polo de Innovación Dixital posto en marcha polo Campus Terra da USC e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant) co apoio da Xunta. Trátase dun marco de colaboración no que conflúen, polo lado da demanda, un sector produtivo e transformador aberto á incorporación de tecnoloxías e servizos innovadores; e polo lado da oferta, a existencia de provedores tecnolóxicos e centros

de coñecemento que poden xerar as solucións e melloras que demanda o sector, tales como a optimización dos procesos ou a xestión intelixente das explotacións.

Ademais de aos altos cargos da Xunta de Galicia, a FGE prestou apoio ao presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, Enrique López Veiga, en dúas visitas a Bruxelas en 2017, que foron continuación das realizadas en 2016 para presentar ás institucións comunitarias a estratexia de Crecemento Azul que este porto puxo en marcha. Acompañados pola Consellería do Mar, en xullo reuníronse con representantes das direccións xerais encargadas de Transporte, Asuntos Marítimos e Saúde ante quen expuxeron os problemas que estaban a atopar á hora de achegar inxeccións económicas a algúns dos 48 proxectos que están impulsando. Como resultado, o Porto de Vigo foi convidado a participar en setembro nun seminario sobre os principais mecanismos de financiamento da economía azul, sendo o único porto de Europa en facelo. A pesar de ser pioneiros na aplicación desta estratexia, a Autoridade Portuaria demanda un recoñecemento formal que axude a atraer investimentos cara a estes proxectos.



O Porto de Vigo presenta a súa estratexia de crecemento azul antes entidades financeiras europeas.

Participación no debate sobre a Política Rexional a partir de 2020

Un ano antes de que a Comisión Europea publicase a súa proposta sobre o Marco Financeiro Plurianual para despois de 2020 e sobre os regulamentos de fondos estruturais, a FGE seguiu posicionándose neste debate defendendo, primeiro de todo, a necesidade de que a Política Rexional siga contando cunha dotación financeira suficiente para permitirlle chegar a todas as rexións. O buraco financeiro deixado polo Brexit e as novas prioridades da UE (migración, defensa e control de fronteiras) facían perigar o peso desta política no conxunto do orzamento comunitario, no que agora representa máis dun terzo do gasto.

A FGE elaborou un documento de posición para defender os intereses galegos no debate sobre a futura política rexional

Neste sentido, a FGE acolleu en abril unha reunión da rede informal “Xuntos pola Cohesión”, despois de que en 2016 a Xunta de Galicia se adhirese a unha declaración asinada por case 200 rexións europeas para demandar unha política rexional forte despois de 2020. Na reunión en Bruxelas participaron 50 representantes de oficinas rexionais para intercambiar información relevante sobre o debate vixente, principalmente dos posicionamentos que os distintos actores ían adoptando.

A FGE elaborou o seu propio **documento de posición preliminar** para defender os intereses de Galicia en deseño da Política de Cohesión despois de 2020. O documento recolle as posibles demandas galegas en cuestións como a dotación orzamentaria, a definición de indicadores para a asignación de fondos, a simplificación administrativa, a coordinación co Semestre Europeo, o uso dos instrumentos financeiros ou o papel

da cooperación territorial. Trátase dunha posición aberta que foi adaptándose á evolución do debate e ás contribucións recibidas desde Galicia.

En maio, o Comité Europeo das Rexións adoptou o seu primeiro **ditame sobre o futuro da Política de Cohesión** da man do alemán Michael Shneider, representante de Saxonia Anhalt, quen colaborou con Galicia en varias ocasións nestes temas. Galicia introduciu tres emendas para demandar maior axilidade na fase de programación co obxectivo de non pospoñer o inicio efectivo da execución, tal e como sucedeu no actual período, e que se teña en conta a situación demográfica das rexións á hora de determinar os obxectivos e recursos da futura política de cohesión. Deste xeito, o ditame final recolleu unha mención específica aos retos demográficos como causantes de deficiencias estruturais nas rexións que a futura política debe ter en conta. Este ditame constitúe o primeiro documento de posición do CdR, que asume un papel proactivo na preparación do próximo ciclo de programación co fin de influír nos documentos da Comisión Europea.



O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, co relator do ditame sobre o futuro da Política Rexional, Michael Shneider.

En xuño, a conselleira do Mar da Xunta de Galicia, Rosa Quintana, interveu no VII Foro da Cohesión, o maior evento que a Comisión Europea organiza cada tres anos ao redor da Política de Cohesión, no que participaron ao redor de 700 expertos. Nun taller sobre como aproveitar ao máximo o investimento público europeo a través dunha mellor gobernanza e cooperación, a Conselleira centrouse en como Galicia está a aproveitar o Fondo



A conselleira do Mar, Rosa Quintana, na súa intervención no VII Foro da Cohesión.

Europeo Marítimo e de Pesca para a creación de emprego e o fomento da innovación nas localidades costeiras. A conselleira destacou o bo funcionamento do chamado “desenvolvemento local participativo” a través dos oito Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia, así como a implantación da estratexia de crecemento azul por parte da Autoridade Portuaria de Vigo na súa área de influencia.

Este foro foi un evento cruce no proceso de preparación do período de programación posterior a 2020 dado que as conclusións que del se extraeron alimentaron o **7º Informe da Cohesión**. Publicado en outubro, este informe é unha moi boa ferramenta para situar a evolución económica de Galicia no contexto europeo á vez que responde ás preguntas onde e que debería financiar a política rexional no futuro.

O documento mostra como as rexións europeas se están a desenvolver, pero non ao mesmo ritmo, polo que resulta necesaria unha política de investimento a escala europea que impulse cambios estruturais e modernice as economías de todas elas para ser competitivas a nivel global.

En outubro, a FGE acolleu un **seminario dedicado ao futuro da política rexional no marco da 15ª edición da Semana Europea das Rexións e das Cidades**. Baixo o título “A Política de Cohesión en xogo: por que segue sendo necesaria?”, representantes de dez rexións europeas expuxeron os resultados da Política de Cohesión no seu territorio, citando exemplos concretos e os argumentos que xustifican que esta política se deba manter forte no próximo período de programación. Igualmente, identificáronse os puntos que se deben mellorar para que a execución



A comisaria de Política Rexional, Corina Cretu, e o presidente do CdR, Karl-Heinz Lambertz, na presentación do 7º Informe de Cohesión.



Jesús Gamallo no seminario “A demografía na Política de Cohesión” celebrado no Parlamento Europeo.

sexa máis efectiva e coherente. A directora da oficina da FGE en Bruxelas, Ana Ramos, foi a encargada de explicar como a política de cohesión contribuíu ao desenvolvemento de Galicia nos últimos 30 anos, ademais de explicar os principais puntos do posicionamento da FGE ante o futuro desta política. Varias das rexións participantes como a polaca Opole ou Norte de Portugal coincidiron con Galicia en chamar a atención sobre a necesidade de que o envellecemento e a perda de poboación sexan obxecto de intervención por parte desta política no futuro.

Por último, en setembro, Jesús Gamallo moderou un debate no Parlamento Europeo sobre como a futura Política Rexional podería contribuír a facer fronte aos retos demográficos.

Como representante dunha rexión afectada polo desafío do envellecemento e o despoboamento, o director da FGE fomentou o intercambio de experiencias entre as rexións no que incumbe a minimizar os efectos do cambio demográfico. Representantes de Castela e León, a rexión alemá de Saxonia-Anhalt e a rexión polaca de Opole coincidiron en demandar unha estratexia europea na materia.

A FGE defende a necesidade de que a futura Política Rexional axude ás rexións a facer fronte aos retos demográficos



A directora da oficina da FGE en Bruxelas, Ana Ramos, introduce o seminario organizado por Galicia en defensa da Política de Cohesión.



A conselleira do Mar, xunto á ministra de Pesca e o comisario de Asuntos Marítimos no Consello da UE.

Defensa dos intereses pesqueiros de Galicia na UE

En relación á actividade pesqueira, Galicia segue ostentado a posición de rexión máis importante na UE e, por tanto, o seu labor no ámbito comunitario esténdese á defensa de todas as dimensións deste sector. Durante o ano 2017, houbo moita actividade en materia de pesca en Bruxelas. Así, ademais do seguimento da Política Pesqueira Común e actividades conexas como pode ser a organización de visitas de membros da DG MARE a Galicia, a análise do posible impacto do Brexit no sector pesqueiro ou a participación nos Grupos de Expertos de Moluscos e Bivalvos da Comisión Europea, a FGE colaborou estreitamente, tanto coas diferentes institucións comunitarias, como coas asociacións europeas sectoriais máis específicas como son o grupo de traballo en materia de Pesca e Acuicultura da Comisión do Arco Atlántico da CRPM, onde Galicia é un membro moi activo.

No mes de febreiro, a directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Mercedes Rodríguez Moreda, acudiu a Bruxelas para participar nun encontro técnico organizado conxuntamente pola CRPM e a Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca sobre a execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. A representante galega expuxo a incompatibilidade da política de “descartes cero” que establece a Política Común de Pesca (que obriga a desembarcar en porto todo o que se captura) co principio de estabilidade relativa a través do que se

determinan os totais admisibles de capturas (TAC) e as cotas de pesca.

Na visita do presidente da Xunta a Bruxelas en abril, os asuntos pesqueiros mereceron unha especial atención na reunión co director xeral de DG MARE e na visita á feira Seafood Expo Global (ver páx. 19). En xuño, a FGE organizou unha visita a Bruxelas da Organización de Produtores de Mexillón de Galicia (ver páx. 51).

Durante o segundo semestre do ano, Galicia asumiu a coordinación das CCAA para a participación no Consello en materia de Pesca tras chegar a un acordo con Castela León, quen cedeu a súa quenda a Galicia ao non ter intereses pesqueiros. Deste xeito, a Xunta participou nos grupos de traballo preparatorios durante todo o semestre e a conselleira do Mar formou parte da delegación española nas reunións ministeriais de xullo, outubro e decembro. Esta última foi de especial importancia para o sector pesqueiro galego pois nela decidíronse os totais admisibles de captura e as cotas por especie para o 2018.

A FGE mantén un convenio coa Consellería do Medio Rural polo cal conta cunha asesora técnica destacada na oficina da FGE en Bruxelas para ocuparse do seguimento das políticas comunitarias nos ámbitos da pesca e da agricultura.

Análise das posibles repercusións do Brexit en Galicia

Reino Unido representa o terceiro mercado de destino das exportacións galegas, por un valor de 1.500 M€, case o 8% do total. A automoción, o téxtil, a lousa ou as conservas de peixes e de mariscos son os principais produtos exportados fronte aos cereais, peixe e marisco ou produtos siderúrxicos que Galicia importa por un custo cinco veces menor (267 M€). A pesar dos cambios existentes en relación cos dereitos dos galegos que residen en Reino Unido, a afluencia turística desde aquel país ou o impacto na recepción de fondos comunitarios son similares aos doutras rexións europeas, a influencia do Brexit no sector pesqueiro é de especial relevancia para Galicia.

Segundo dous estudos encargados pola Consellería do Mar á UDC e á USC, un total de 110 buques, 96 empresas e 1.700 tripulantes

galegos veríanse afectados. Un eventual peche do caladoiro do Gran Sol tería un impacto económico en primeira liña de venda de máis de 500 millóns de euros e afectaría á metade dos 88 sectores da economía galega, sendo 27 deles de carácter netamente industrial e o resto do sector servizos (transporte, provisión de gasoil, xurídico...).

Por este motivo, o goberno galego está a defender a necesidade de que o acceso ás augas británicas sexa parte integral do acordo de saída de Reino Unido, vinculándose este ao acceso dos produtos británicos ao mercado europeo. A FGE está a traballar, esencialmente, en dúas fronteas para defender a posición galega: co Comité Europeo das Rexións e coa Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas.

A principal reivindicación de Galicia ante o Brexit é que o acceso dos produtos británicos ao mercado europeo supedítese ao acceso a faenar en augas británicas por parte da flota europea



Alberto Núñez Feijóo asina a declaración da Alianza Europea pola Pesca (EUFA), que representa o sector que faenar en augas británicas. .

Posicionamento da delegación española no CdR ante o Brexit



Entrega do documento de posición das CCAA españolas sobre o Brexit ao presidente do CdR, Markku Markkula.

O CdR está a traballar activamente para resaltar o papel e a posible repercusión dos entes subestatais no proceso de desconexión de Reino Unido da UE. En marzo aprobou unha resolución na que chamaba a atención sobre as posibles consecuencias na pesca, a agricultura e nas zonas rurais.

Os membros da delegación española do CdR acordaron, ademais, elaborar unha posición común propia. Como anexo a esta posición, cada unha das comunidades autónomas comprometeuse a elaborar un estudo sobre o impacto que a saída do Reino Unido tería para


elas. A Fundación Galicia Europa colaborou coa Xunta de Galicia para elaborar un estudo de impacto do Brexit en diferentes sectores económicos galegos.

O primeiro borrador de texto conxunto das CCAA españolas foi presentado ao goberno central español durante a reunión da Conferencia para Asuntos Relacionados coa UE (CARUE) en maio e o texto definitivo entregouse ao presidente do CdR, Markku Markkula en xullo. Este texto recollía gran parte das inquietudes galegas, sobre todo no ámbito pesqueiro.

Creación dun Grupo Operativo específico na Comisión do Arco Atlántico



Ana Ramos con Stefaan de Rynck, do equipo negociador do Brexit na Comisión Europea, na segunda reunión do Grupo Operativo do Brexit.



Dado que a saída de Reino Unido afecta dunha forma especial ás rexións do Atlántico, Galicia propuxo o ano pasado a creación dun Grupo Operativo específico no seo da Comisión do Arco Atlántico, unha das seis comisións xeográficas nas que traballa a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas. Baixo o liderado da FGE, este grupo reuniuse por primeira vez o mesmo día que o goberno británico invocou o artigo 50 do Tratado da Unión Europea, o 29 de marzo, e, posteriormente en xuño, xullo e setembro. Na segunda reunión, convidouse a participar a un membro do equipo negociador da Comisión Europea, quen explicou o estado das negociacións.

O resultado deste traballo foi un texto conxunto sobre o impacto da saída do Reino Unido nas rexións atlánticas, baixo o título “Declaración política da Comisión Arco Atlántico sobre o Brexit”. Trátase dun documento de posición que sintetiza a posición do Arco Atlántico en catro áreas: os dereitos dos cidadáns, a gobernanza, o futuro da cooperación interrexional atlántica e os aspectos financeiros.


O documento aprobouse na sesión plenaria da Comisión Arco Atlántico celebrada no mes de en outubro en Helsinqui. Entre outras cousas, solicita a creación dun mecanismo financeiro específico dentro do orzamento comunitario para atenuar o impacto do Brexit.

A Fundación Galicia Europa coordina o grupo operativo sobre Brexit da Comisión do Arco Atlántico da CRPM, que tivo como resultado a elaboración dunha declaración política sobre o impacto da saída do Reino Unido nas rexións atlánticas

Nunha reunión celebrada en Gales no mes de novembro, onde participou o propio presidente da Xunta, as rexións atlánticas uníronse ás do Mar do Norte e ás da Canle da Mancha para emitir un documento máis amplo denominado “Declaración de Cardiff”, que recollía unha serie de mensaxes clave para a Comisión Europea, o Parlamento Europeo, o Consello Europeo e o Goberno do Reino Unido. Estas mensaxes enviáronse á reunión do Consello Europeo de decembro, na que se deu paso á segunda parte das negociacións consistente en definir a futura relación entre a UE e o Reino Unido.



O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, co primeiro ministro de Gales, Carwyn Jones, en Cardiff.



Corredores da Rede Transeuropea de Transporte 2014-2020.

Galicia na Rede Transeuropea de Transporte

A FGE defendeu a necesidade de prolongar o Corredor Atlántico ata Galicia

A Unión Europea puxo en marcha un ambicioso mapa de infraestruturas en 2014 denominado “Rede Transeuropea de Transporte” (RT-T) que se estrutura en dúas capas: unha rede básica de maior importancia estratéxica, que debería estar completada en 2030, e unha rede global ou secundaria, que debería concluírse en 2050. Esta rede inclúe varios nodos de importancia estratéxica en Galicia como os portos da Coruña,

San Cibrao, Ferrol e Vigo; os tres aeroportos galegos e case todos os trazados ferroviarios galegos para conectar estes nodos.

Para facilitar a realización da rede básica, definíronse 9 corredores prioritarios, dos cales dous, o Mediterráneo e o Atlántico, pasan por España aínda que ningún directamente por Galicia. O trazado destes corredores recóllese no regulamento do Mecanismo Conectar Europa (MCE), o programa de financiamento comunitario 2014-2020 que impulsa a (RT-T), aínda que cun orzamento exíguo que tan só representa en torno ao 5% do financiamento necesario para completala. Por este motivo, o 95% do MCE vai destinado, na práctica, a proxectos dos nove corredores multimodais da rede básica.

Con vistas á renovación do MCE a partir de 2020, a FGE colaborou estreitamente en 2017 coa Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia para defender a prolongación cara ao Noroeste peninsular do actual Corredor Atlántico e así aumentar as posibilidades de financiamento dos proxectos galegos que xa figuran na rede básica.

En xuño, a FGE contribuíu ao documento de posición da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) sobre o futuro MCE introducindo unha emenda ao anexo do Regulamento que recolle os corredores para incluír a conexión ferroviaria Venta de Baños-Palencia-León-Astorga-Monforte de Lemos-Vigo-A Coruña. O documento presentouse a diferentes responsables da Dirección Xeral de Mobilidade e Transporte da Comisión Europea.

En outubro, a Xunta de Galicia, o Principado de Asturias e a Xunta de Castela e León asinaron unha declaración institucional na que solicitaban tamén unha prolongación do

Corredor Atlántico cara Galicia e Asturias, que foi enviada ao secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda.



A finais de ano, a Comisión Europea pediu aos Estado membros suxestións para modificar o trazado dos corredores, ao que España contestou con catro propostas entre as que se atopaba a conexión ferroviaria con Galicia.



Os conselleiros de Transporte de Galicia, Asturias e Castela e León, xunto cos actores que demandan a integración do Noroeste peninsular no Corredor Atlántico.



Participación da FGE en redes de cooperación rexional

Co obxectivo de acceder á información, compartir experiencias con outras rexións e, sobre todo, participar en foros que manteñen unha interlocución directa coas institucións europeas, a FGE participa en distintas redes de cooperación rexional en representación de Galicia.

DCRN

DCRN
Demographic Change
Regions Network

Unha das prioridades da FGE é a de seguir sensibilizando a nivel europeo sobre os desafíos demográficos, polo que continúa participando activamente na Rede de Rexións con Desafíos Demográficos (DCRN), unha rede informal de oficinas de representación rexional en Bruxelas que trata de ligar as preocupacións rexionais en materia demográfica á axenda europea. A Xunta de Galicia mostrou un especial interese nos traballos desta rede como labor complementario á desenvolvida en España no Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos (FREDD), creado fai tres anos e integrado actualmente por oito CCAA.

En 2017, a DCRN reuniuse en xuño, para falar do papel que a política migratoria europea pode desempeñar para afrontar os retos demográficos en Europa. Un representante da Dirección Xeral de Migración e Asuntos de Interior (DG HOME) da Comisión Europea expuxo as tendencias migratorias no territorio comunitario e como a política europea de migración pode tamén crear sinerxias para mitigar as consecuencias do cambio demográfico na poboación europea e vitalizar a contorna rural. Ademais, un representante do Centro Común de Investigacións da Comisión Europea presentou aos membros da DCRN o novo Knowledge Centre on Migration and Demography, que foi creado en xuño de 2016 co obxectivo de recoller todos os datos dispoñibles neste ámbito e analizalos e presentalos de forma clara e útil. Como exemplo de boas prácticas, a FGE presentou durante esta reunión as distintas medidas que a Xunta de Galicia ten en marcha para asegurar a integración dos inmigrantes na nosa comunidade. Outros exemplos foron presentados polas rexións alemáns de Turingia e Saxonia.

Colaboración entre as Oficinas Rexionais Españolas

En 2017 a FGE participou en preto de 30 reunións desta rede constituída en 2002 co obxectivo de intensificar as relacións das oficinas de representación autonómica en Bruxelas e mellorar a súa interlocución coas institucións comunitarias e coa Representación Permanente de España ante a UE (REPER). Entre elas inclúense sete altos cargos das institucións comunitarias como o director xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria da Comisión Europea, Xavier Prats, ou o comisario de Enerxía e Acción polo Clima, Miguel Arias Cañete.

A participación en redes de cooperación rexional permite compartir información e defender intereses comúns con máis forza ante a UE



Asemblea xeral da CPRM celebrada no mes de outubro en Helsinqui.

O resto correspóndese con reunións dos grupos de coordinación técnica, que teñen o obxectivo de realizar o seguimento e a análise de políticas comunitarias ou ámbitos sectoriais concretos. Nestas reunións tratáronse temas como o futuro Marco Financeiro Plurianual, o medio ambiente ou as novidades do Instrumento PEME.

Grupo Interrexional do Automóbil do Comité Europeo das Rexións

Este grupo organizou dúas reunións en 2017. A primeira, en febreiro, versou sobre o papel dos clústeres na adaptación da cadea de valores da industria da automoción da UE. Destacouse a importancia destes no crecemento das PEMES, ademais de poñerse de relevo algúns dos puntos de conexión entre o sector das telecomunicacións e do automóbil na actualidade.

A segunda reunión, celebrada en decembro, tratou as conclusións do informe sobre a competitividade e o crecemento sustentable da industria da automoción na UE.

Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM)

A FGE asistiu en 2017 a 13 reunións de distintos grupos de traballo da Conferencia de **Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM)** e

da súa Comisión xeográfica do Arco Atlántico (CAA), á que pertence Galicia. Entre estas reunións inclúense as catro do grupo técnico de traballo sobre o Futuro de Europa, creado este ano por mor da publicación por parte da Comisión Europea do Libro Branco sobre o Futuro de Europa. Ademais, a FGE tamén representou a Galicia noutras nove reunións dos distintos grupos de traballo da Comisión xeográfica do Arco Atlántico da CRPM.



A composición dos grupos de traballo desta Comisión foi modificada en marzo deste ano durante a Asemblea Xeral. Co obxectivo de reducir o número de reunións anuais para facilitar que os representantes das rexións puidesen asistir a todas, reunificáronse os antigos grupos de traballo en tres polos temáticos: marítimo, accesibilidade e turismo e seguimento da Estratexia Atlántica. Mantéñense tamén dous grupos de traballo ad hoc para os temas da Cooperación Transatlántica e o seguimento do Brexit, coordinando por Galicia.



Caseta da FGE na celebración do Día de Europa no Comité Europeo das Rexións.

Promoción de Galicia en Bruxelas

De forma complementaria á súa labor institucional, la FGE apoia e participa en eventos de promoción de Galicia en Bruxelas desde o punto de vista cultural, turístico e económico.

Exemplo destas actividades son a súa participación na xornada de portas abertas das institucións europeas, celebrada o 6 de maio, durante a que ocupou unha caseta dentro do Comité Europeo das Rexións, para compartir cos asistentes información turística de Galicia.

Co mesmo obxectivo, o de promocionar a cultura e gastronomía de Galicia en Bruxelas, a Fundación colaborou na difusión do Festival Compostela, organizado polo Centro Galego de Bruxelas.

A promoción da riqueza lingüística da rexión tamén forma parte da actividade da FGE en Bruxelas. Así, en colaboración co Instituto Cervantes, participou no **“Día E, o día de todos os que falan español”**, con actividades lúdicas para dar a coñecer a cultura galega a través de cancións, poemas e contos populares, así como na celebración do Día Internacional do Libro para dar visibilidade tamén en Bruxelas ao galego.



Celebración do “Día E” no Instituto Cervantes de Bruxelas.

A Fundación Galicia Europa organizou un coloquio en Bruxelas para debater sobre como o Camiño de Santiago pode contribuír a reconstruír a UE

En maio, a FGE participou activamente na dinamización do Camiño de Santiago na capital comunitaria, organizando, na sede do Instituto Cervantes de Bruxelas, a mesa

redonda **“Reconstruír Europa a través do Camiño de Santiago”**. Esta xornada contou a participación de 23 representantes de asociacións de amigos do Camiño de Santiago galegas, acompañados do xerente do Xacobeo, Rafael Sánchez Bargiela.

Co mesmo obxectivo, no mes de setembro, a FGE participou na inauguración **dun novo tramo belga do Camiño de Santiago**. Esta nova vía, froito do labor da Asociación Belga de Amigos do Camiño de Santiago, conecta as localidades valonas de Deux- Acren e Ath. O tramo aberto permite trazar unha nova ruta no mapa belga, formado parte dun proxecto máis amplo, que se estende desde Breda, nos Países Baixos, a Sant-Quentin, en Francia.



2.A TECEUROPA

2.B PARTICIPACIÓN DA FGE EN PROXECTOS
EUROPEOS

2.C APOIO AOS ACTORES GALEGOS DE I+D+I:
PRESENZA DE GAIN EN BRUXELAS

2.D APOIO ÁS UNIVERSIDADES:
PRESENZA DE FEUGA EN BRUXELAS

FOMENTO DA PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS EUROPEOS

2





2. Fomento da participación en proxectos europeos

A FGE fomenta a participación de entidades galegas en proxectos europeos co fin de potenciar a competitividade dos sectores públicos e privados de Galicia.

Esa promoción tradúcese no asesoramento técnico, na procura de socios a escala europea, na organización de reunións con representantes das institucións ou na participación da FGE en consorcios de proxectos que lle resulten de interese.

Por outra banda, a Fundación organiza seminarios de formación sobre a xestión de proxectos en Galicia.

TecEuropa

En 2017 a FGE convocou dúas novas edicións, de 20 prazas cada unha, do programa de especialización en materia de financiamento comunitario (TecEuropa) que está dirixido ao persoal das entidades galegas interesadas en participar en proxectos europeos.

A primeira edición desenvolveuse do día 17 ao 20 de outubro en Bruxelas e do día 9 e 10 de novembro en Santiago de Compostela. A segunda edición tivo lugar entre os días 21 e 24 de novembro en Bruxelas e os días 30 de novembro e 1 de decembro en Santiago de Compostela.



Participantes na cuarta edición de TecEuropa na súa visita ao Parlamento Europeo.

TecEuropa, que celebrou en 2017 a súa 4ª e a súa 5ª edición, fomenta a creación dunha rede de profesionais que comparten experiencias na xestión dos fondos para conseguir un maior impacto en Galicia

Durante a estadia en Bruxelas, os participantes recibiron unha formación especializada sobre o marco financeiro comunitario 2014-2020, ademais de visitar as sedes das institucións europeas co obxectivo de coñecer de primeira man as súas competencias e funcionamento. Durante os dous días de formación en Santiago, abordáronse os aspectos prácticos para acceder e xestionar os fondos comunitarios.

As cinco edicións organizadas ata o momento reuniron a un centenar de participantes, dos que o 40% procede da Xunta e o resto repártese entre concellos, deputacións, universidades, entidades sociais, centros de I+D+i, asociacións transfronteirizas, asociacións empresariais e

Cámaras de Comercio. A avaliación do programa é sumamente positiva, tanto pola visión xeral ofrecida do financiamento comunitario como polo contacto establecido con persoas doutras entidades en Galicia que desenvolven proxectos europeos ou xestionan fondos comunitarios.

En decembro, convocouse por primeira vez aos 105 participantes das cinco edicións de TecEuropa a un seminario sobre a execución dos fondos Estruturais e de Investimento Europeos en Galicia. Este tipo de encontros entre os participantes de todas as edicións permite manter e reforzar o diálogo e cooperación entre eles (ver páx.49)



Lanzamento do proxecto LIDERA no mes de xuño en Noia.

Participación da FGE en proxectos europeos

A Fundación Galicia Europa, grazas ao convenio de colaboración que mantén coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, participou durante este 2017 en dous proxectos de cooperación territorial xunto con outras entidades galegas e europeas presentados á primeira convocatoria do programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020:

- **LIDERA - Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xuvenil transfronteirizo.** O seu obxectivo é promover o desenvolvemento económico transfronteirizo a través da posta en valor das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos do territorio. As accións para a consecución deses obxectivos dinamizan o tecido empresarial transfronteirizo impulsando a posta en marcha de novas iniciativas empresariais, co fin último de lograr a inserción laboral de mozos no territorio transfronteirizo.

Entre outras actividades, no marco deste proxecto, a FGE organizou o primeiro Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza, en Xinzo de Limia do 16 de outubro ao 28 de novembro. Dirixido pola Fundación Galicia Europa, cunha duración de 100 horas, consistiu nunha formación práctica, que, a través de diversas actividades, permitiu aos participantes aprender a elaborar e redactar candidaturas para programas que fomenten a cooperación transfronteiriza. O curso tamén ofreceu a oportunidade de coñecer distintas alternativas de cooperación transfronteiriza e promover redes de colaboración entre persoas, entidades e expertos en preparación de proxectos. Varios dos mozos participantes atoparon traballo tras a formación.

Tamén dentro das actividades desenvolvidas polo proxecto LIDERA, a FGE participou en EMOTRAXE, o Encontro-Mostra Transfronteiriza da Mocidade Emprendedora norte de Portugal / Galicia para informar os participantes das posibilidades de prácticas e emprego nas institucións da UE. Froito deste encontro foi tamén a creación da "Asociación de Axentes de Cooperación Transfronteiriza - EU COOPERO", para fomentar as relacións de ambos os países.



Participación da FGE en Emotraxe, o encontro de mozos galegos e do Norte de Portugal.

A FGE participa en dous proxectos de cooperación co norte de Portugal para promover o emprendemento xuvenil e para poñer en marcha a eurocidade Chaves-Verín



• **EUROCIDADE 2020 – A Eurocidade Chaves-Verín como ferramenta de aproximación de Europa 2020 aos cidadáns.** Cun orzamento de 1,7 M €, este proxecto desenvólvese entre os anos 2017 e 2019 co obxectivo de reforzar a cooperación institucional entre Chaves e Verín, unha agrupación de municipios transfronteirizos que ten como misión xestionar de forma conxunta as competencias locais. A posta en marcha dunha rede de oficinas de turismo da Eurocidade ou a ampliación dos servizos incluídos no cartón do Eurocidadá son algunhas das actividades previstas neste proxecto.

No marco da Eurocidade 2020, a FGE organizou o curso “Impulsores de oportunidades: innovación, capacitación e emprendemento”, que tivo lugar entre o 28 de novembro e o 2 de decembro de 2017. O curso ofreceu unha formación práctico-teórica sobre o emprendemento no contexto do actual desenvolvemento tecnolóxico. Os participantes coñeceron as novas tendencias en comunicación, márketing e comercio electrónico así como en áreas clave do sector servizos: turismo e hostalería. Abordáronse temas como a reformulación dos negocios para a súa adaptación ás novas formas de



Actividade formativa do proxecto LIDERA en Xinzo de Limia.

consumo e as dificultades para impulsar novas oportunidades neste sector. Tras o seguimento realizado, varias empresas asistentes renovaron a súa visión e plan de negocio, ademais de verse impulsado e reforzado o traballo entre as entidades transfronteirizas.

Apoio aos actores galegos de I+d+i: presenza de GAIN en Bruxelas

A Axencia Galega de Innovación conta, desde decembro do ano 2015, cun bolseiro na oficina da FGE en Bruxelas grazas a un acordo asinado entre Vicepresidencia e esta axencia pública, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria. A actividade de GAIN na capital comunitaria céntrase en acompañar ás entidades galegas en foros relacionados coa innovación, ademais de participar activamente nos grupos de traballo temáticos da rede de rexións innovadoras **ERRIN** e na **Vanguard Initiative**.

A presenza de GAIN en Bruxelas ten por obxectivo aumentar a participación galega en proxectos europeos de I+D+i que aportan, non só financiación, senón coñecemento e competitividade á economía galega

IMPULSORES DE OPORTUNIDADES

28 novembro a 02 decembro de 2017

Gabinete Eurocidade Chaves-Verín (Feces de Abaixo)

CURSO GRATUITO PARA A INNOVACIÓN, CAPACITACIÓN E EMPRENDIMENTO NA EUROCIDADE CHAVES VERÍN

INSCRIPCIÓN: www.fundaciongaliciaeuropa.eu

Horario: 10:00 a 14:00 e 16:00 a 20:00 (sábado de 10 a 14:00)

ASESORAMIENTO PERSONAL, COACHING
APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS
CREACIÓN DE EMPRESAS NA ERA DIXITAL
NOVAS EMPRESAS TURÍSTICAS
PROTOCOLO NA ACTUALIDADE
A NOVA HOSTALERÍA E O COMERCIO

Logos: Interreg, Europa, Galicia, Xunta de Galicia, etc.



AtiGA

INTERSECTORAL
TECHNOLOGICAL
ALLIANCE
OF GALICIA



ERRIN organiza con regularidade talleres para o desenvolvemento de proxectos conxuntos (brokerage events) nos que reúne a entidades interesadas en presentar candidaturas de proxectos a unha determinada convocatoria para facilitar a formación de consorcios. GAIN difunde a convocatoria destes talleres e canaliza as expresións de interese galegas para participar neles.

En xaneiro, GAIN participou nun brokerage event sobre cambio climático e enerxía e, en maio, noutro no ámbito da enerxía xunto coa Asociación de Investigación Metalúrxica (AIMEN), o Instituto Tecnolóxico de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, FEUGA e a empresa Televés.

Así mesmo, **ERRIN** é tamén unha ferramenta de procura de socios. A participación de GAIN nesta plataforma permítelle ter acceso a información sobre as procuras de socios doutras rexións europeas para logo difundilas entre as entidades galegas interesadas. O labor de difusión de procuras de socios por parte de GAIN permitiu tamén que o Porto de Vigo e a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo (ARVI) entrasen a formar parte no consorcio dunha proposta de proxecto do programa Horizonte 2020.

Como membro da Vanguard Initiative, unha rede que reúne a 28 rexións europeas, que teñen como finalidade o desenvolvemento de proxectos piloto conxuntos de innovación industrial, GAIN participa no grupo de traballo de seguimento dos cinco proxectos piloto establecidos en 2017 e na denominada Brussels Network, un organismo informal que ten como finalidade a coordinación da rede. Durante 2017 esta rede constituíuse formalmente como asociación adoptando personalidade xurídica.

A finais de ano, **AtiGA**, a alianza de centros tecnolóxicos galegos formada por AIMEN, Anfaco- Cecopesca, CTAG, Gradient, Energylab e ITG, participou na reunión en Bruxelas do

proxecto piloto da **Vanguard Initiative** de fabricación eficiente e sustentable. Desde entón, a asociación está en contacto cos líderes de varios proxectos de demostración, que buscan acelerar a industria europea no desenvolvemento de produtos competitivos e de alto valor engadido.

Ademais da participación nestas redes europeas, GAIN tamén participou, en representación de Galicia, nun dos grupos de coordinación técnicos en materia de I+D e Sociedade da Información da rede informal de Coordinación de Oficinas Rexionais Españolas (CORE), que habitualmente organiza reunións coa Oficina Española de Ciencia e Tecnoloxía (SOST). En 2017, gran parte destas reunións estiveron dedicadas á elaboración dos programas de traballo do programa Horizonte 2020 para o período 2018-2020.

Apoio ás universidades: presenza de FEUGA en Bruxelas

No marco dun convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Fundación Empresa - Universidade Galega (FEUGA) para impulsar a captación de fondos europeos por parte do sistema universitario galego, a FGE acolle desde maio de 2016 a un asesor técnico contratado por FEUGA na súa oficina de Bruxelas. Con este convenio, FEUGA puxo en marcha un programa de mellora do posicionamento internacional das universidades galegas cun triplo obxectivo: aumentar a taxa de éxito na consecución de proxectos europeos por parte dos grupos de investigación das tres universidades, incrementar as súas colaboracións internacionais -tanto no ámbito académico como industrial- e mellorar os resultados de investigación: máis patentes, máis publicacións, máis promoción e divulgación e máis ingresos para a I+D+i galega.



3.A WWW.FUNDACIONGALICIAEUROPA.EU

3.B REVISTA ECO

3.C NOVA SECCIÓN NA WEB SOBRE O BREXIT



INFORMACIÓN SOBRE A UNIÓN EUROPEA EN GALICIA

3


3. Información sobre a Unión Europea en Galicia

O portal web da Fundación Galicia Europa é a plataforma fundamental para a difusión de noticias sobre a FGE, así como da actualidade europea ligada aos intereses galegos. Nos últimos anos, a FGE fai uso das redes sociais para difundir o contido da súa páxina e atraer visitas. A web conta, ademais, cun apartado específico sobre financiamento comunitario, no que recolle un resumo dos programas existentes, as convocatorias que se publican en cada un deles e anuncios de entidades que buscan socios para presentarse ás convocatorias.


www.fundaciongaliciaeuropa.eu

21.000 visitas á páxina web, 57 por día

78.000 pestanas visitadas na páxina web. As páxinas máis visitadas son :



Os visitantes teñen unha idade comprendida entre:



Publicacións na páxina web



81
noticias

Sobre Galicia e a actividade da Fundación



113
noticias

Referidas á actualidade da UE desde unha perspectiva galega



102
convocatorias

. Programa
. Obxectivos
. Destinatarios
...



53
procuras


De socios



2.800
subscritores

No boletín quincenal de alertas

Seguidores nas **redes sociais**



Revista ECO

A FGE mantivo a súa colaboración coa publicación mensual ECO-Revista do Eixo Atlántico co obxectivo de explicar a actualidade comunitaria en Galicia. Ao longo do ano publicáronse 12 artigos sobre algunhas das temáticas de maior relevancia na actualidade europea: “Atopámonos ante o fin do TTIP?”, “A internacionalización dos gobernos locais”, “A ampliación da UE: unha política en punto morto”, “A protección animal na cosmética: unha cuestión europea”, “O Alicerce Social da UE: un freo ao eurodesencanto”, “O novo Pilar Europeo de Dereitos Sociais”, “O espazo Schengen no futuro europeo”, “Programa LIFE: 25 anos protexendo o patrimonio natural europeo”, “Os tres pilares das negociacións para o Brexit”, “A innovación como motor de crecemento das rexións europeas” e “A aposta europea pola mocidade: primeiro aniversario do Corpo Europeo de Solidariedade”.

Nova sección na web sobre o Brexit

Como parte do compromiso adquirido co padroado de poñer en marcha un Foro Galego do Brexit, a FGE puxo en funcionamento en marzo un novo apartado sobre o Brexit na súa páxina web, no que se dá cabida a todas as novidades vinculadas a este proceso histórico e, en especial, aquelas que afectan á política rexional europea e a Galicia. Esta pestana converteuse, ao finalizar o ano nunha páxina específica, parte do Foro Galego do Brexit que se constituiría en 2018.

Neste espazo publicáronse noticias breves acompañadas de ligazóns a textos máis explicativos, co obxectivo de profundar na materia, así como análises académicas e documentos de referencia do proceso. Ademais, a sección recollía, por orde cronolóxica, os principais feitos vinculados ao Brexit dos últimos anos, desde a promesa do referendo en 2013 ata a súa vitoria en 2016.



4. A DEBATES SOBRE O FUTURO DE EUROPA EN GALICIA

4. B ORIENTACIÓN LABORAL A MOZOS NO ÁMBITO COMUNITARIO

4. C BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN ASUNTOS EUROPEOS

4. D VISITAS DE GRUPO EN BRUSELAS

FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A REALIDADE EUROPEA

4





4. Formación e sensibilización sobre a realidade europea

Debates sobre o Futuro de Europa en Galicia

O 25 de marzo cumpríronse 60 anos da firma dos Tratados de Roma nun contexto marcado pola profunda crise que atravesamos actualmente o proxecto comunitario. Con motivo da conmemoración deste aniversario, os dirixentes da UE dos 27 membros reflexionaron sobre a situación do proxecto europeo, considerando os seus logros, fortalezas e ámbitos nos que seguir mellorando. Tal e como anunciara o presidente Juncker en 2016, a Comisión Europea publicou a principios de marzo un Libro Branco sobre o futuro de Europa, que serviu para orientar o debate entre os xefes de Estado e Goberno reunidos en Roma e supuxo o punto de partida dun proceso máis amplo,

dirixido a toda a poboación europea, co fin de fomentar o debate máis aló de Bruxelas.

Nesta liña, a FGE traballou coa Comisión Europea para achegar este debate á poboación galega organizando no mes de xaneiro un **“diálogo cidadán” en Santiago de Compostela** que contou coa participación do comisario europeo de Acción polo Clima e Enerxía, Miguel Arias Cañete, e do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo. Durante case dúas horas ambos dirixentes reflexionaron e interactuaron cos asistentes sobre os temas que preocupan na Unión Europea, e, particularmente, en Galicia.

De novo por iniciativa da FGE, o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e Stefano Sannino, embaixador de Italia en España, participaron nun debate que contou co apoio do Comité Europeo das Rexións, dentro da iniciativa



O presidente da Xunta e o comisario de Enerxía e Acción polo Clima debatendo ante o público galego sobre os temas de actualidade europea.

“Reflexionar sobre Europa”. O obxectivo do encontro, celebrado na véspera do Día de Europa (9 de maio), foi o de fomentar o diálogo entre as autoridades locais e rexionais e os cidadáns sobre o pasado, presente e futuro de Europa. Neste sentido, Rueda puxo en valor o papel da UE como garante de estabilidade e solidariedade territorial, así coma os beneficios que representa para todos os países que forman parte dela.



O vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, participa na celebración do Día de Europa en Galicia xunto ao embaixador de Italia en España, Stefano Sanino.

Tamén no marco da iniciativa “Reflexionar sobre Europa” a FGE organizou en decembro outro diálogo cidadán en Santiago de Compostela baixo o título “Construíndo Europa a través do financiamento comunitario- a perspectiva dos beneficiarios”. O acto foi inaugurado por Jesús Gamallo, director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, quen destacou a importancia destes fondos para Galicia, entendidos como unha forma de facer Europa. Medio centenar de participantes debateron neste foro sobre a execución dos fondos Estruturais de Investimento Europeos durante o actual período financeiro.



Xornada de información sobre saídas laborais na Unión Europea celebrada na USC.



O director da FGE cos responsables técnicos de FEDER, FSE, FEADER e FEMP en Galicia.

Ademais destes actos sobre o futuro de Europa, a Fundación Galicia Europa tamén participou no Congreso Internacional ‘Emigración e inmigración por razóns laborais no rural da Unión Europea’, organizado polo Concello de Vimianzo, en colaboración co Equipo de Socioloxía das Migracións Internacionais da Universidade da Coruña (ESOMI). O congreso enmarcábase no proxecto “ERN4 mob –European Rural Europe for Job Mobility”, financiado polo programa europeo Europa coas Cidadáns - Redes de Cidades 2015.

Orientación laboral a mozos no ámbito comunitario

A FGE participa en diferentes eventos para informar sobre as oportunidades laborais e de formación que ofrecen as institucións europeas, onde tamén dá a coñecer as propias bolsas de formación da FGE e a súa Guía de prácticas e saídas profesionais na Unión Europea e en organismos internacionais. Así, máis de 130 oportunidades de traballo, formación e prácticas poden consultarse na web guias.fundaciongaliciaeuropa.eu

A FGE organizou tres debates para involucrar á sociedade galega na construción da UE do futuro



O vicepresidente da Xunta de Galicia dá a benvida aos novos bolseiros da FGE.

En 2017 foron oito os foros nos que participou a FGE para informar, a estudantes e mozos recién titulados, das oportunidades laborais e de formación na UE, en colaboración coas universidades galegas, en Santiago, Lugo e Ourense.

Bolsas para a realización de prácticas en asuntos europeos

Tras o proceso de selección iniciado en novembro de 2016, seis novos bolseiros incorporáronse ás oficinas da Fundación Galicia Europa en xaneiro: dous en Santiago de Compostela e catro en Bruxelas, onde tamén desenvolveu as súas prácticas o bolseiro de I+D+i grazas á colaboración con GAIN.

Nos seus case 30 anos de existencia, máis de 400 persoas coñeceron a UE máis de preto grazas ás bolsas de formación da FGE

Estas bolsas, de 11 meses de duración, teñen por obxectivo a formación de titulados superiores

no seguimento das políticas comunitarias, a comunicación dos asuntos europeos e o secretariado de dirección. Á convocatoria 2017 presentáronse máis de sesenta candidatos.

A Fundación Galicia Europa convoca anualmente estas bolsas de formación que, en 2017, supuxeron un investimento duns 102.000 euros, e que permiten a titulados universitarios e técnicos superiores de FP completar a súa formación.

As bolsas para o ano 2017 tiveron unha duración de 11 meses, iniciándose o 23 de xaneiro e finalizando o 22 de decembro.

Ademais, durante o 2017, a FGE tamén acolleu a catro estudantes en prácticas da USC na oficina de Santiago: dúas alumnas do Grao en Ciencias Políticas, unha procedente do grao en Dereito e un do Máster de Márketing, Consultoría e comunicación Política.

Visitas de grupo en Bruselas

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas organizou en 2017 tres visitas de grupo ás institucións europeas e acolleu a un total de cinco nas súas propias instalacións.

A primeira, no mes de marzo, estivo formada por unha vintena de alcaldes galegos que visitaron a capital comunitaria para coñecer

as institucións da UE e o funcionamento da representación institucional da Xunta realizada pola FGE, así como as oportunidades de financiamento que poden aproveitar as administracións locais a nivel comunitario.

Co mesmo motivo, e no marco dunha visita ao Parlamento Europeo, tamén visitou a sede da FGE en Bruxelas unha delegación da Executiva do partido **Compromiso por Galicia (CxG)**.

De novo en maio, a FGE organizou unha visita protagonizada por 23 **representantes de asociacións galegas de amigos do Camiño de Santiago**, acompañados do xerente do Xacobeo, Rafael Sánchez Bargiela. O propósito da mesma era coñecer as posibilidades que os entes europeos ofrecen para dinamizar turisticamente o Camiño. Por iso, tras visitar o Parlamento Europeo, os representantes participaron en varias sesións de traballo organizadas pola FGE que contaron coa participación de representantes da Comisión Europea e NECSTouR, a Rede Europea de Rexións Comprometidas co Turismo Sustentable, e que se centraron en explicar aos asistentes as posibilidades de financiamento de proxectos relacionados coa ruta xacobeá.

En xuño, a FGE organizou unha visita a Bruxelas da **Organización de Produtores**

de Mexillón de Galicia (OPMEGA) con motivo da presentación do seu programa de actuacións e dos seus novos proxectos de internacionalización e procesado. Deste xeito, durante día e medio os representantes do sector mexilloeiro reuníronse con funcionarios da Comisión Europea e o Comité das Rexións que traballan no ámbito da acuicultura, co conselleiro comercial da Embaixada de España ante o Reino de Bélxica e co propio persoal da FGE. Visitaron tamén o Parlamento Europeo, accedendo como convidados a unha reunión da Comisión de Pesca, e o centro de visitantes Parliamentarium.

A última visita do ano, en novembro, estivo protagonizada pola **Asociación de Novos Empresarios (AJE) de Ourense** que, cun programa de dous días de duración, coñeceron non só o labor da oficina da FGE en Bruxelas senón tamén adquiriron coñecementos sobre o financiamento comunitario. Os membros de AJE, acompañados do delegado da Consellería de Economía en Ourense, Santiago Álvarez, e asistidos en todo momento pola FGE, acudiron á Comisión Europea, onde lles explicaron as accións da UE en favor dos emprendedores e os programas de financiamento COSME e Horizonte 2020. Tamén tiveron oportunidade de visitar o Parlamento Europeo, de man do eurodeputado galego Francisco Millán Mon, e o Comité das Rexións.



Os empresarios xoves de Ourense na súa visita á Comisión Europea.



ÍNDICE DE SIGLAS

FGE	Fundación Galicia Europa
CCAA	Comunidades Autónomas
CdR	Comité das Rexións
CIVEX	Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores do CdR
CORE	Colaboración das Oficinas Rexionais Españolas en Bruxelas
CRPM	Conferencia de Rexións Marítimas Periféricas de Europa
DG	Dirección Xeral
DG AGRI	Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea
DG MARE	Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea
DXREUE	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia
DCRN	<i>Demographic Change Regions Network</i> (Rede de rexións afectadas polo cambio demográfico)
FEADER	Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural
FEDER	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
FEMP	Fondo Europeo Marítimo e de Pesca
FSE	Fondo Social Europeo
GAIN	Axencia Galega de Innovación
I+D+i	Investigación, Desenvolvemento e Innovación
NAT	Comisión de Recursos Naturais do Comité das Rexións
PE	Parlamento Europeo
REPER	Representación Permanente de España ante a UE
TIC	Tecnoloxías da Información e a Comunicación
UE	Unión Europea
UDC	Universidade da Coruña
USC	Universidade de Santiago de Compostela



fundación

GALICIA EUROPA

Edita

Fundación Galicia Europa

Textos e coordinación editorial

Fundación Galicia Europa

Deseño e maquetación

Europublic Comunicación

Rúa do Hórreo, 61.

15701 Santiago de Compostela

T. (+34) 981 541 012

santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu

Rue de la Loi, 38-2º, bte, 2. 1040 Bruselas

bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu

MEMORIA DE
ACTIVIDADES
2017